

009483 15.10.2013 09:54

O Master Universitario en Xestión e Dirección Laboral está organizado polas tres universidades do SUG e coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela. Este máster consta dun núcleo de materias obrigatorias, practicas externas obrigatorias, Traballo Fin de Máster e as materias optativas que conforman as tres especialidades: Especialidade en Xestión Socio-laboral, Especialidade en Recursos Humanos e Especialidade en Dirección Laboral de Empresas.

Segundo a memoria do máster, as prácticas externas e o Traballo fin de máster non están vinculadas á especialidade que cursa o alumnado. Dende a súa implantación xa son varias as promocións que finalizaron o máster coa correspondente especialidade e que teñen interese en realizar algunha outra.

A Comisión Académica Interuniversitaria do máster, na súa reunión do 29 de xullo, acordou solicitar as correspondentes universidades a regulación desta posibilidade, polo que a vista de todo ilo esta reitoría

#### RESOLVE,

**Primeiro.-** Os estudantes que cursaron ou están a cursar unha especialidade do Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral poderán matricularse das materias que corresponden a outra especialidade sempre que non teñan feito o depósito do título e non supere o máximo de 75 créditos. No caso de telo feito, deberán realizar unha petición para formalizar a matrícula noutra especialidade, na Universidade na que se titularon.

**Segundo.-** O estudante deberá matricularse na Universidade de orixe na que figura o seu expediente, sen prexuízo de que a especialidade sexa impartida en calquera das outras universidades participantes no máster.



**Terceiro.-** A realización das distintas especialidades non supón a realización dun novo traballo fin de máster universitario. Considerase superada a especialidade ao superar as materias optativas vinculadas a ela de acordo co que indica a memoria.

**Cuarto.-** As especialidades cursadas polos alumnos deberán figurar no título. No suposto de que este fora expedido con anterioridade á realización da ou das especialidades poderá incorporarse ao reverso do novo título cando así o solicite o

**Cuarto.-** As especialidades cursadas polos alumnos deberán figurar no título. No suposto de que este fora expedido con anterioridade á realización da ou das especialidades poderá incorporarse ao reverso do novo título cando así o solicite o alumno, previo pago dos prezos correspondentes. De non solicitar a expedición dun novo título poderáselle expedir a correspondente certificación cando así o solicite.

Santiago de Compostela 9 de outubro de 2013

O Vicerreitor de Titulacións e PDI

  
  
Jesús López Romalde

Prof. D<sup>a</sup>. Consuelo Ferreiro Regueiro (Coordinadora do Master)  
Sr<sup>a</sup>. Secretaria Xeral  
Sr. Secretario Xeral Adxunto  
Sr. Director Area TIC  
Sr. Xefe de Xestión Académica  
Sra. Xefa da Oficina de Información Universitaria